

INFORMACIÓN DAS COMPAÑÍAS INFANTÍS PARTICIPANTES NO ARTELLANDO 2015

Compañía: Os sete magníficos mais un

Espectáculo: A historia da brancaflor



As mellores historias son sempre as que están sen escribir, sen ler, sen contar. Aquelas nas que aínda está por crear o final, o inicio, a trama, as personaxes. Pero, sobre todo, as mellores historias son as que poden sair do maxín dos nenos e nenas.

Compañía: Chus de Xandobela - Xandobela

Espectáculo: Pan e auga? Sopas!



O protagonismo de cantigas de base popular e tradicional, a gastronomía e os enredos e brincadeiras forman parte da narración das historias de avó Casiano.

Compañía: Inacio Vilariño

Espectáculo: Burromáquia



Neste espectáculo de narración oral encontrámonos cunha selección de contos, fábulas, poemas e cancións na que se fala con simpatía dese animal tan entrañable que é o burro. A través da súa participación, os rapaces e rapazas van descubrindo a historia do burro da Tía Lola, personaxe que popularizaron nun pasodobre os gaiteiros *Os Dezas de Moneixas*.

Compañía: Peter Punk

Espectáculo: “O chungo que te cagas”



O espectáculo co que comezou, mais de 800 funcións en todo o mundo o contemplan. Un valor totalmente seguro na mellor tradición do humor a través do clown e do pallaso. Malabares, lume, unha banda de rock formada polos propios nenos e sobre todo moito humor gamberro para todas as idades.

Compañía: Brais das Hortas

Espectáculo: Obras



Atención! Esta contada está en obras. Si : está sen acabar. Pero non vos preocupedes : temos un andamio e ferramentas... e un público maravilloso. Malo será que entre todos non acabemos estes contos cheos de música e ritmo. Contos de osos, de extraterrestres, de cans de palleiro...

Compañía: Contos Daboapipa

Espectáculo: Contos de animalario



Daboapipa chegan espallando enerxía, empatía cos nenos, saber facer e contos fermosos e divertidos. Unha proposta que une os contos máis coñecidos do

momento con contos propios e con historias populares, nunha posta en escena coa música e as cancións como un elemento central da representación.

Compañía: Larraitz Urruzola

Espectáculo: Babamor

A contadora e titiriteira Larraitz Urruzola utilizando as ferramentas da narración oral tradicionais, xoga a crear atmósferas poéticas, situacións que xurden da transformación dos obxectos e espazos, contribuíndo a iniciarse no mundo dos contos e do teatro a través da inventiva, da creación efímera e espontánea.



Compañía: Títeres Babaluva

Espectáculo: Lume



O can chamou á vaca, a vaca ao cervo, o cervo á xabarila, a xabarila á landra, a landra preocupada foi buscar ao moucho que avisou á araña. A araña viu ao ourizo, o sapo alertou á garza que estaba comendo miñocas. A eiruga falou coa bolboreta, voluntariosas chegaron a vacaloura e o esquío. E así foi como, axudándose uns aos outros, prepararon un plan para apagar o lume.



Compañía: Raquel Queizás

Espectáculo: O segredo do tendal

Colgadas no tendal, as letras senten o sol a facerlles cóxegas e bailan unas coas outras. A roupa tamén quere xogar como elas: as pinzas axudan a un pano a medrar até se converter nunha montaña, una toalla foxe correndo entre as cordas... ou é un can de palleiro?